

## OUTRAS ENTIDADES

### CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE*

#### EDICTO

O Comité Directivo do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro do ano en curso, prestou a súa aprobación inicial á modificación puntual da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, para incorporar a exención na obriga de conexión á rede de abastecemento para as comunidades de augas veciñais legalmente constituídas.

Tendo en conta que durante o período de exposición pública habilitado ao efecto non se ten presentado reclamación algunha, dita modificación enténdese definitivamente aprobada, polo que segundo o disposto no art. 17.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, publícase o seu texto íntegro aos efectos do seu coñecemento:

No artigo 9.3 da ordenanza fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, publicada no BOP nº 250, do 30 de decembro de 2014, incorpórase un segundo parágrafo coa seguinte redacción:

“Exceptúase da obrigatoriedade de conectar á rede de subministración de auga potable segundo as condicións establecidas no parágrafo precedente, a todas as comunidades de augas veciñais legalmente constituídas.”

Contra o presente acordo, conforme o disposto no artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderán interpoñer os interesados recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

En Tui, a 22 de febreiro de 2018.

A Presidenta do Consorcio,

Eva García de la Torre

